



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Modelo MD85PR002

Programación da disciplina

Nome do centro: EASD Mestre Mateo

Titulación: EE.AA.SS. DESEÑO DE PRODUTO

Materia: Xestión do Deseño de Produto

Disciplina: Oficina Técnica : organización industrial e calidade

Curso: 3º

Carácter: Obrigatoria da Especialidade (O.E)

Tipo: Teórico (anual)

Docente: Xulio Álvarez García

Ano académico: 2023-24



Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Organización dos contidos.....	3
3	Avaliación.....	3
	3.1 Criterios de avaliación.....	4
	3.2 Procedementos.....	4
	3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	4
	3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	4
	3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais	4
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	4

1 Identificación e contextualización

Idiomas	Galego
Departamento	EE.AA.SS. Deseño de Produto
Profesor/a	Xulio Álvarez García
Correo electrónico	xag@edu.xunta.gal
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 4 Horas totais: 100 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 72 Horas de traballo non presencial: 28 Horas titorías: 1 h. Semanal compartida con Materiais II
Horario	Horario de clase semanal: venres 12:00 a 14:00 Horario de titorías: __
Descritores	--Organización e economía de empresa. Recursos e custos da actividade empresarial. O valor do deseño de produto. -Rendibilidade e beneficios. Fontes de financiamento. Axudas ao deseño. Fundamentos da economía de produción. -Normativa industrial. Propiedade intelectual e industrial. -Métodos de investigación e experimentación propios da materia.

2 Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	Planificación e programación de proxectos Organización e Técnicas de planificación. Estrutura temporal do proxecto. Diagramas e redes. Programación de recursos. Gráficos de Gantt. O método C.P.M. O método P.E.R.T.s	Traballo 1 ▪ CONTORNA DO PROXECTO ▪ precedentes no mercado, premisas previas, condicionantes e solucións consecuentes xustificadas.	▪ 6 horas	▪ 3ª, 4ª e 5ª semana de setembro



2	<p>CÁLCULO DE PROXECTOS</p> <p>Medicións e orzamentos Traballo 2</p> <p>Factores que influen no custo de execución dun proxecto PLAN DE NEGOCIO</p> <p>Avaliar e anticipar o custo dun proxecto: orzamento Idea inicial e futura do Proxecto</p> <p>Custos directos e indirectos Empresarial, perspectivas xerais do sector empresarial no que se insire o Proxecto Empresarial, principais</p> <p>Medicións. Unidades e criterios de medición. competidores, puntos fortes e vantaxes dos produtos que fabrica a Empresa, Plan de</p> <p>Costos de materias primas e compoñentes. Marketing.</p> <p>Costos de procesos : man de obra e DAFO.Clientes actuais e potenciais, Targets.</p> <p>maquinaria</p> <p>Cálculo do custo directo de fabricación.</p> <p>Escandallo</p> <p>Ferramentas para o cálculo</p> <p>Planificación e control de custos.</p>	▪ 6 horas	▪ 1ª, 2ª e 3ª semana de outubro
3	<p>APLICACION A PROXECTOS</p> <p>Cálculo do custo directo de fabricación. Escandallo para algunha das presentadas disciplina de deseño de produto II</p> <p>Traballo 3</p> <p>DESCRIPCIÓN, XUSTIFICACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN</p> <p>Memoria descriptiva da solución adoptada, memoria xustificativa e normativa de aplicación.</p>	▪ 6 horas	▪ 4ª semana de outubro e 1ª e 2ª de novembro
4	<p>ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA PRODUCCIÓN</p> <p>Compras e aprovisionamentos. Produción. Distribución Física. Análise estático: materiais, procesos, tempos, custo. Mellora dos procesos Competitividade. Calidade. Definición de problema Identificación de problemas. Ferramentas As causas e os efectos. Medición de efectos. Determinación</p> <p>Traballo 4</p> <p>MEMORIA CONSTRUTIVA E LISTAXE DOS COMPOÑENTES</p> <p>Memoria descriptiva da solución adoptada, memoria xustificativa e normativa de aplicación.</p>	▪ 6 horas	▪ 3ª , 4ª e 5ª semana de novembro



de causas
Procura de solución.
Ferramentas de
pensamento creativo
Implantación de
solución.
Confirmación da
mellora
A mellora continua

5	<p>SISTEMAS DE ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN NA EMPRESA</p> <p>Flexibilidade. Eficiencia. JIT. Lean Manufacturing</p> <p>Aplicación ao deseño. Enxeñaría concorrente</p> <p>Ciclo de Vida do Produto</p> <p>Deseño para a manufactura e ensamble</p>	<p>Traballo 5</p> <p>DESCRIPCIÓN DOS COMPOÑENTES</p> <p>5.1.- Descrición dos compoñentes</p>	<p>▪ 6 horas</p>	<p>▪ 1ª, 2ª e 3ª semana de decembro</p>
6	<p>APLICACION A PROXECTOS II</p> <p>Selección e xustificación de materiais e procesos de fabricación para os proxectos da materia</p> <p>Proxectos de deseño de produto II en base a razóns económicas: coste de execución material unitario</p>	<p>Traballo 6</p> <p>FOLLAS DE RUTA</p> <p>6.1. Follas de Ruta</p> <p>6.2. Follas de Ruta</p> <p>6.3. Follas de Ruta</p>	<p>▪ 16 horas</p>	<p>▪ 2ª, 3ª, 4ª e 5ª de axneiro, e 1ª, 2ª, 3ª e 4ª de febreiro</p>
7	<p>PREGO DE CONDICIÓNS .</p> <p>Prego de Condicións Técnicas .</p> <p>Prego de condicións específicas.</p>	<p>Traballo 7</p> <p>PREGO DE CONDICIÓNS</p> <p>7.1_ Prego de Condicións Técnicas_ Especificacións técnicas para elementos de fabricación propia.</p> <p>7.2_ Prego de Condicións Técnicas_ Especificacións técnicas para elementos de subcontratación.</p> <p>7.3_ Prego de Condicións Técnicas_ Especificacións técnicas sobre montaxe.</p> <p>7.4_ Prego de Condicións Técnicas_ Destrucción e reciclaxe do produto.</p> <p>7.5_ Prego de Condicións Técnicas_ Etiquetaxe.</p>	<p>▪ 24 horas</p>	<p>▪ 1ª, 2ª, 3ª, 4ª de marzo e 1ª, 2ª, 3ª e 4ª de abril e 1ª, 2ª, 3ª e 4ª de maio</p>



8	<p>ORZAMENTOS. Traballo 8 Orzamentos globais. ORZAMENTOS Orzamentos pormenorizados. Custe material e man de obra. Condicionantes dos custes.</p>	<p>▪ 4 horas</p>	<p>▪ 1ª e 2ª de xuño</p>
9	<p>▪</p>	<p>▪</p>	<p>▪</p>
10	<p>▪</p>	<p>▪</p>	<p>▪</p>
11	<p>▪</p>	<p>▪</p>	<p>▪</p>
12	<p>▪</p>	<p>▪</p>	<p>▪</p>

3 Avaliación

3.1 Criterios de avaliación

O TEXTO EN GRIS É UNHA AXUDA E DEBERÁ SER BORRADO.

Deberán de ser acordos cos establecidos na lexislación vixente.

O alumno/a

- Planifica e organiza os proxectos de forma eficiente.
- Recolle información significativa, a analiza, sintetiza e a xestiona adecuadamente.
- Domina a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables
- Traballa de forma autónoma e valora a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional
- Concibe, planifica e desenvolve proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
- Organiza, dirixe e /ou coordina equipos de traballo e sabe adaptarse a equipos multidisciplinares
- Optimiza a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.
- Analiza, avalía e verifica a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.
- Determina as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto



- Coñece o contexto económico, social cultural e histórico no que se desenvolve o deseño de produto
- Calcula empregando a metodoloxía explicada a duración dun proxecto e identifica as actividades críticas do mesmo.
- Propón alternativas xustificadas para acurtar a duración dun proxecto e valora como afecta ao custo total
- Emprega correctamente ferramentas estandarizadas na identificación e solución de problemas relacionados co deseño dos produtos na procura da mellora continua.
- Realiza mapas de procesos de produción de produtos concretos e propón melloras xustificadamente
- Comprende o impacto que a organización industrial supón nos custos dun produto
- Resolve problemas de cálculo de custos de fabricación directos de distintos produtos

Os presentes criterios de avaliación son acordes coa lexislación vixente que lle atingue.

3.2 Procedementos

Procedemento de avaliación para o alumnado que cumpre e para o que non cumpre os criterios de asistencia regular.

Criterios a seguir para a avaliación do alumnado que cumpre cos criterios de asistencia regular :

O alumnado deberá proceder á elaboración duns traballos gráficos en láminas DIN A4 descritos no apartado 2.Organización dos contidos , que deberán seren desenvolto e entregados dentro das semanas destinadas a cada unidade didáctica. Proporase un só traballo por cada unidade didáctica. Cada traballo será valorado de 0 a 10 puntos . A nota media de cada trimestre será a media das obtidas en cada un dos traballos entregados dentro do trimestre. A nota media final será a media das obtidas en cada trimestre .

Para aprobar neste caso, cómpre ter entregado todos os traballos dentro dos prazos fixados e ter unha nota media de todos eles igual ou superior a 5 .

No caso de que o alumno/a non tivera entregado todos os traballos en prazo e do xeito especificado, terá que entregar os traballos pendentes e repetir os suspensos perante unha semana anterior á data fixada para o exame final. No caso de non o facer así terán que superar un exame final. Tamén poderanse presentar ao devandito exame todo aquel alumnado que, aínda aprobando na avaliación continua, queiran subir a súa nota media final . Niste caso e coma consecuencia do resultado do exame, nunca poderá implicar unha baixa na nota media obtida polo procedemento da avaliación continua.

Criterios a seguir para a avaliación do alumnado que non cumpre cos criterios de asistencia regular :



O alumnado que non cumpra cos criterios de asistencia regular sen causa xustificada pasarán a perder o dereito a seren avaliados segundo o procedemento devandito e terán que superar un exame final nas datas que así se establezan.

3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

Deberá incorporar as actividades que programamos para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos do alumnado: Probas orais ou escritas, traballos, observación directa, control de asistencia...

Establecer a ponderación para cada un dos instrumentos de avaliación empregados.

Actividades programadas para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos do alumnado
:

PROBAS ORAIS OU ESCRITAS : Plantexamento lóxico, ben organizado e ben fiado da información literal que poida acompañar á execución práctica dos traballos propostos.

TRABALLOS : Os traballos propostos son obrigatorios dacordo ás condicións descritas no apartado 4.2 Procedementos, e serán os seguintes para cada unidade didáctica :

Traballo 1 : CONTORNA DO PROXECTO.

Análise pormenorizado das condicións previas da redacción dun proxecto técnico.

Traballo 2 : PLAN DE NEGOCIO.

Desenvolvemento acaído dun Plan de Negocio completo.

Traballo 3 : DESCRIPCIÓN, XUSTIFICACIÓN E NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Análise descriptiva do contido dun proxecto técnico, estudo das xustificacións e normativas a aplicar no caso concreto analisado..

Traballo 4 : MEMORIA CONSTRUTIVA E LISTAXE DOS COMPOÑENTES

Descrición da memoria Construtiva e estruturación da análise dos compoñentes do produto.

Traballo 5 : DESCRIPCIÓN DOS COMPOÑENTES.

Estudo previo e redacción final correctamente estruturada da descrición dos compoñentes do produto.

Traballo 6 : FOLLAS DE RUTA.

Elaboración sistemática das follas de ruta dos compoñentes do produto escolleito.

Traballo 7 : PREGO DE CONDICIÓNS.

Desenvolvemento enteiro dun Prego de Condicións axeitado ao produto escolleito.

Traballo 8 : ORZAMENTO.

Elaboración completa dun orzamento pra incorporar á Memoria Técnica dun Proxecto.

OBSERVACIÓN DIRECTA : Valorarase o esforzo na aula , o traballo cotián nas horas semanais de clase , a interacción de ideas e capacidade de resolucións de problemas xurdidos no desenvolvemento dos traballos co profesor e cos compañeiros/as.

CONTROL DE ASISTENCIA : Levarase un control de asistencia á clase de cada alumno/a e realizarase ao comezo da clase.

Ponderación para cada un dos instrumentos de avaliación empregados :

PROBAS ORAIS OU ESCRITAS (Plantexamento do traballo) : 20%

TRABALLOS :

. Probas Prácticas (remate completo do traballo na lámina) : 65%

OBSERVACIÓN DIRECTA

. Traballo e seguimento diario : 10%

. Actitude e participación : 5%

CONTROL DE ASISTENCIA : 0%

3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

Para recuperar a asignatura pendente do ano anterior , o alumnado deberá realizar e entregar perante os dous primeiros trimestres os traballos non entregados o curso anterior e/ou os traballos suspensos corrixidos e completados correctamente.

A nota obtida será a media dos traballos devanditos. Se fose menor ca 5 , a alumna/o terá que se presentar a un exame final para superar a asignatura.

3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

Os alumnos/as con necesidades educativas especiais serán obxecto dun seguimento adicional e dun axeiamento educativo especial en función das necesidades especiais demandadas en cada caso.

4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

As clases serán fundamentalmente teórico-prácticas, engadindo información visual por medio dos recursos habituais e máis polos medios derivados do uso de Internet e as súas posibilidades de procura, esculca e posterior análise.

Como actividades complementarias poderanse realizar distintas visitas a exposicións vencelladas ao deseño en xeral e ao deseño de Produto en particular.